

NOTAS AO PROGRAMA

A mediados do século XVI, as escalas (Zarlino) que reforman os intervalos pitagóricos permiten arquitecturas musicais cunha acusada polaridade entre tensión e resolución, logran unha expresividade difícil de conseguir con escalas pentatónicas e modais, e promoven o sobranceo progresivo da música tonal, con paralela decadencia da modal. Polos mesmos tempos, o Concilio de Trento rexeita na música sacra as complexidades do contrapunto heterofónico por entendela como un exhibicionismo sonoro que enturbia a comprensión dos textos e enfeblece o obxectivo esencial do diálogo co Creador. Estes dous condicionantes axudan a entender a composición que xorde nese momento, e que acaba dando dunha parte a melodía acompañada, e da outra —a que aquí nos interesa— unha nova polifonía. Se o pracer estético da heterofonía arraíza na articulación de partes con diferentes patróns rítmicos e sentidos propios, o desta nova polifonía deriva do avanzar de esquemas rítmicos moi semellantes, creadores dunha sucesión de simultaneidades sonoras (a textura harmónica) responsábeis da dialéctica tensión-resolución na que descansa a unidade da obra. Palestrina e Victoria son exemplos esgrevios do inicio desta maneira de facer música. A mostra que hoxe ofrece Concerto está básicamente nestas coordenadas, priorizadoras da claridade e a emotividade. En especial na segunda parte, ponse de manifesto que estas tendencias —coas diferenzas que impón o escoar dos tempos e as persoalidades compositivas— nunca deixaron de xogar un papel esencial na música que chega aos grandes públicos.

Concerto de Nadal 2011



Coro Concerto Vigo

22 de decembro,
ás 21 horas no
Auditorio Municipal do Concello



PROGRAMA NADAL 2011

I

O magnum mysterium (1572) / T. L. Victoria (1545-1611)

Exultate iusti / Ludovico da Viadana (1564-1645)

Canto no berce / Julio Domínguez (1965)

Prende, salgueiriño, prende (2000) / Emilio Lede (1974)

There was an old man in a tree / Matyas Seiber (1905-1960)

Laudate / Knut Nystedt (1915)

Cantate Dómino (1997) / Vytautas Miskinis (1954)

Descanso: 10 min.

II

Le message des anges (anónimo s. XIII) / Arm.: F. A. Gevaert

Only you (1960) / Vincent Clarke. Harm.: Deke Sharon e Anne Raugh

Yesterday / J. Lennon, (1940-1980) e P. McCartney (1942).
Arr.: J. Domínguez

Geographical fugue / Ernst Toch (1887-1964)

Las cuatro palomas / Ignacio Piñeiro (1888-1969). Arr.: Electo Silva

Camiña a Virxen pura / Popular. Harm.: Nemesio García Carril (1943)

O Meniño está no berce / Popular. Harm.: Nemesio García Carril (1943)

Os anxeliños da gloria / Popular. Harm.: Nemesio García Carril (1943)

Stille nacht (1818) / F. Gruber (1787-1863)

White christmas / Irving Berlin (1888-1989). Arr.: Marum S. Alexander

Duración total: 90 min.



CORALISTAS DE CONCERTO VIGO

SOPRANOS: Cecilia Cueto Álvarez / Cruz Vázquez Núñez / Helena García Argibay / Mónica Rodríguez Ces / Paula González Gómez / Margarita Martínez Fernández
Ánxeles Babarro Fernández / Laura Vázquez Sueiro / Marta González Fernández

CONTRALTOS: Beatriz Freijido Vázquez / Carmen Cividanes González / Fabiola Vicente Velasco / Leonor Giménez Fernández / Adoración Sánchez Mata / Arabella Sánchez Mata

TENORES: Xosé Manuel Martínez Ojea / Jorge Fernández Vázquez / Lino Tomás Borroto Vargas / Frank Alejandro Hernández Carballo / Ismael Arias Melón / Antonio Mandianes Lama

BAIXOS: Juan Alonso Fernández / Pablo Pérez Varela / Sergio Hernández Vázquez / Gonzalo Castro Quián / Jose Ángel Rey Piñeiro / Bruno Díaz González